

# CIG-Saúde exige a retirada inmediata do indicador da IT dos ADX

## DAR BAIXAS OU ALTAS É UNHA PRESCRICIÓN FACULTATIVA

<b>Incapacidade temporal.</b> Cumprir os tempos estándar para os procesos que cursen alta no período xaneiro-decembro 2026	N.º total de días de IT alcanzados <= n.º total de días que se deberon alcanzar segundo as táboas de duración estándar	Sí/Non	10%
--	--	--------	-----

“**Incapacidade temporal.** Cumprir os tempos estándar para os procesos que cursen alta no período xaneiro-decembro 2026”



Na campaña de criminalización das persoas que están de baixa, a Consellería de Sanidade da un paso máis incorporando, nos chamados Acordos de Xestión (ADX), un indicador que penaliza ás profesionais que teñan a persoas de baixa máis tempo do que consideran “períodos estándar”.

O incumprimento deste indicador supón que **o profesional deixa de cobrar un 10% do complemento retributivo de produtividade variable (CPV)** e a maiores **pode ver retrasado o seu avance na Carreira Profesional.**

Tanto a indicación do inicio da Incapacidade Temporal (IT) como a súa finalización (alta) **son decisións profesionais** que teñen que estar soportadas en criterios clínicos e nas necesidades asistenciais dos pacientes. **A súa duración non depende do profesional** que indica a baixa, depende, entre outras, das características do paciente, da súa patoloxía e da eficiencia do sistema sanitario (**por exemplo as listas de agarda**).



**CIG-Saúde rexeita que a indicación dunha alta poida ter efectos retributivos para as profesionais.** Isto rompe a confianza na relación entre pacientes e profesionais e atenta contra uns mínimos criterios éticos.

